

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2015

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño (A Coruña) ás 9:30 horas do día 5 de outubro de 2015, baixo a Presidencia do Sr. alcalde don Ricardo Alejandro Matías Sánchez Oroza, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para o día da data.

SRES.CONCELLEIROS PRESENTES.-

DON MANUEL VÁZQUEZ FARALDO (PSdeG - PSOE)
DONA MARÍA CATALINA MORADO FARIÑA (PSdeG - PSOE)
DON AGUSTÍN SANZ HORCAJO (PSdeG - PSOE)
DONA MARINA VARELA LAGE (PSdeG - PSOE)
DON JESÚS VEIGA SABÍN (PP)
DON JOSÉ AGUSTIN ANDRÉS ANDRÉS (PP)
DONA ANA ISABEL PICOS FREIJOMIL (PP)
DON JOSÉ PAZ CASAL (PP)
DON MOISÉS DOPICO LONGUEIRA (PSdeG - PSOE)

SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-

DONA EMMA GONZÁLEZ ÁLVAREZ (PSdeG - PSOE)
DONA JOSEFINA ROMEU PÉREZ (PP)
DON ANTONIO DOCE LOURIDO (PP)

SR.SECRETARIA MUNICIPAL.-

DONA ALEJANDRA RODRÍGUEZ MENÉNDEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DUN NOVO SISTEMA DE CALEFACCIÓN ALIMENTADO POR PELLETS NO LOCAL SOCIAL DA RÚA EN MIÑO, REDACTADO POLO ENXEÑEIRO TÉCNICO INDUSTRIAL JUAN MANUEL REY GÓMEZ, NOS TERMOS SINLADOS NO ARTIGO 198.5 DA LOUGA, TODA VEZ QUE O PROXECTO CUMPRE CO PXOM, COA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E DE PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía

"PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Vista a subvención solicitada ao Instituto Enerxético de Galicia para a instalación dun novo sistema de calefacción alimentado por pellets no Local Social de Miño.

Visto o proxecto de instalación dun novo sistema de calefacción alimentado por pellets no Local Social de Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez.

Visto que segundo o punto 8 do artigo 19 das bases reguladoras resulta necesario a aprobación do proxecto polo órgano municipal competente nos termos previstos no artigo 198.5 da LOUGA.

Visto o disposto no artigo 198.5 da LOUGA no que se establece que as obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como do planeamento en vigor.

Visto o informe emitido polo enxeñeiro técnico industrial no que se establece que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural. Visto canto antecede esta alcaldía propón ao pleno municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto de instalación dun novo sistema de calefacción alimentado por pellets no Local Social de Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural."

Visto que o presente punto foi obxecto do correspondente ditame da Comisión informativa de asuntos xerais que se realizou o día 25 de setembro de 2015, na que tiveron lugar as seguintes intervencións:

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que observa que se pediu oferta a tres empresas e gustaríalle saber cal foi o criterio para elixir a esas tres empresas.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que cre que o contratou a anterior Corporación.

A Sra. secretaria explica que dende a Alcaldía solicitáronse tres orzamentos, que se trata dun contrato menor e que o órgano de contratación ten plena liberdade para contratar; que descoñece os criterios, pero que a función da fiscalización non entra niso, simplemente que se adxudique a empresa capacitada.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el pregunta e que conteste o que o saiba.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que non sabe a que empresas se lles solicitou orzamento, xa que este tema o levaba a concelleira Eva Vilariño.

O Sr. alcalde expón que Interneg é a que a instalou.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que hai tres orzamentos das empresas Fontanería Calviño, Fontanería Sigüeiro e Ingeniería de Tecnologías Energéticas de Oroso, que foi a que ao final foi adxudicataria. E continúa dicindo que non está colgado no perfil do contratante.

A Sra. secretaria responde que os contratos menores non se colgan.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se poderían colgar.

A Sra. secretaria expón que se se quere pódese facer.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo pregunta se na selección das empresas se fixo anuncio público ou se convidaron

A Sra. secretaria expón que non se fixo anuncio, que ao ser contrato menor non houbo procedemento administrativo.

A continuación sométese á votación co seguinte resultado: 5 votos a favor do PP e 7 abstencións do Grupo mixto e do PSOE, polo que aprobación do proxecto de instalación dun novo sistema de calefacción alimentado por pellets no local social da rúa en Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, queda ditaminado favorablemente por maioría simple dos concelleiros integrantes da Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

A continuación ábrese na sesión plenaria a rolda de intervencións:

O Sr. alcalde aclara que ao expediente que trouxo á comisión incorporáronse uns documentos, que xa estiveron o venres a disposición de todos os grupos políticos; un informe do técnico municipal deixando constancia da adecuación da caldeira aos requirimentos de aforro enerxético, e por outra banda estiveron tratando de constatar que os prezos eran prezos de mercado, posto que era un tema que lles preocupaba, e o técnico municipal achegou ao expediente copia dos prezos de catálogo da caldeira. Outro proxecto que tamén tiña para executar a mesma empresa que executou as obras da caldeira, era un proxecto de carteleiras, que se financiara coa Axencia de Turismo de Galicia, do fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural. Neste proxecto a empresa que executou a caldeira tiña moitísimo interese en executar, non quixeron traelo a comisión informativa ata coñecer se os

prezos que se recollen no proxecto son prezos de mercado, posto que o da sinalización de carteis había un desfase do 100% entre os prezos nos que se solicitou a subvención e os prezos de mercado. Ao ver isto, e antes de pechar o expediente da caldeira, decidiuse ver se os prezos deste expediente son os prezos de mercado e comprobouse que si e que ademais cumpre coas condicións de aforro enerxético para os que se convocou esta subvención.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que antes de manifestar o seu voto, gustaríalles que se lles aclarasen certas cousas. En primeiro lugar que é totalmente anómalo que se traia a aprobar o proxecto despois de executar o proxecto e incluso despois de pagalo, isto é totalmente anómalo; de feito o INEGA, que é o organismo que concede a subvención nun documento require que se aclaren estes termos e que se xunte o acordo do pleno de aprobación do proxecto, que é o que se trae hoxe aquí, a solicitude de inscrición e posta en servizo da instalación no rexistro correspondente e o proxecto técnico con data de realización comprendida dentro do período de xustificación. O grupo socialista estivo vendo o expediente e non teñen constancia de que estea o proxecto no expediente. O proxecto asínoa o Sr. Juan Manuel Rey Gómez, o orzamento está con data do 29/09/2015, é dicir, hai poucos días, isto é outra anomalía que lles gustaría que quedase sinalada. Tamén lles gustaría saber quen lle pagou ao enxeñeiro técnico proxectista, se foi o concello ou a empresa adxudicatária, porque se lle pagou a empresa adxudicatária isto sería totalmente ilegal. Se existe constancia da relación empresarial entre o enxeñeiro e o adxudicatario, porque tamén sería ilegal. Se ten máis proxectos este enxeñeiro técnico industrial redactados no concello, e consta que si porque despois hai unha comisión na que se levan varios proxectos que están redactados por este mesmo enxeñeiro. Cal foi o criterio para seleccionar as empresas ás que se lles solicitou oferta, pois curiosamente as tres empresas son da mesma área, dúas de Oroso e unha de Noia, cando dende aquí a Oroso e Noia hai multitude de empresas que se dedican a isto. Con respecto ao desenvolvemento dos traballos, se se cumpriu o nivel de subcontratación, pois se a subcontratación supera o 60% sería irregular. Se se abriu a apertura de centro de traballo, se non se abriu a inspección de traballo pode abrir un expediente informativo totalmente sancionable. Se existe un certificado do REA, Rexistro de Empresas Acreditadas, e pide que se verifique, e se neste momento non se ten a información para verificar isto, pide que este punto se pospoña para outro pleno, porque se non aquí se pode adoecer de varias responsabilidades non só administrativas senón incluso doutro tipo. Se está o certificado de estar ao corrente do pago na seguridade social, que supón que si porque é evidente que se ten que pedir.

A Sra. secretaria expón que o estar ao corrente do pago coa Seguridade social e con Facenda só se esixe en procedementos que non son contratos menores. E que o resto das preguntas se irán contestando e aclarando o tema.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o que é de esixencia legal é a apertura do centro de traballo e o do REA. E que do outro non dixo que fora irregular, só pregunta se está ao corrente a empresa.

A Sra. secretaria expón que no contrato menor a lei só esixe factura e orzamento, o no seu caso, proxecto. Que o Concello sole pedir unha declaración xurada de estar ao corrente e un aval, pero que se pida en determinados supostos non significa que sexa unha esixencia legal.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo insiste en que o que é de esixencia legal é a apertura do centro de traballo, o do REA, e o do nivel de subcontratación. As esixencias legais hai que cumprilas, hai outros requisitos que aínda que non sexan esixencias estritas cre que tamén se deberían de cumprir como son eses dous que citou, o tema da contratación e o tema de estar ao corrente cos pagos coa seguridade social, porque están contratando cunha administración.

A Sra. secretaria expón que pode ser recomendable e que incluso se pode tomar un acordo conforme ao cal a partir de agora nos contratos menores a partir dunha contía se presente sempre una declaración xurada ou unha certificación. E que Manuel Ares aclarará as preguntas relacionadas de como se tramitou a subvención; Juan Cheda aclarará as preguntas relacionadas coa parte técnica e Jesús Veiga aclarará as

preguntas relacionadas a como se solicitaron os orzamentos. E que se a partir de aquí consideran que se van tramitar mellor os expedientes pedindo uns requisitos a maiores, pois que ela toma nota e se o acordan pois que se comezarán a facer as cousas así a partir de agora.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que despois de estudar toda a documentación, e que como dicía o alcalde parte dela se incorporou o outro día, documentación que completou e mellorou a documentación que existía, porque anteriormente había un informe do técnico municipal que o único que dicía é que cumpría a normativa urbanística, evidentemente iso está moi ben pero é insuficiente. Que hai un requirimento do INEGA no que se dá un prazo de dez días para que se manden determinados documentos; e que supón que se pedirá un aprazamento para poder cumprir ese prazo.

A Sra. secretaria responde que o prazo remata hoxe.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que se a aprobación do proxecto se pospón que haberá que pedir un aprazamento. Que con respecto ao que dicía o alcalde sobre os prezos de mercado, que supón que se referirá máis ben a prezos de catálogo; porque se se compran as caldeiras directamente as empresas que subministran as caldeiras fan ata un 30% de desconto.

O Sr. alcalde expón que o prezo do catálogo da caldeira é o dobre do orzado aquí. E que non lle deu tempo a pedir unha valoración a unha terceira empresa.

A Sra. secretaria expón que para ir aclarando o expediente Jesús Veiga pode explicar os criterios nos que se basearon para pedir estes tres orzamentos.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el pregunta e que agarda que lle conteste o que o saiba.

A Sra. secretaria expón que el é quen o pode saber.

O Sr. alcalde aclara que cando el chegou á Alcaldía a caldeira xa estaba instalada.

Polo PSOE a Sra. Catalina Morado Fariña pregunta se estaba rematada a instalación.

O Sr. alcalde responde que estaba adxudicada a empresa e iniciadas as obras, que era moi difícil de modificar.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que se trata dun procedemento negociado e que está aí toda a documentación de contratación.

A Sra. Secretaria contesta que non foi un procedemento negociado, e procede a citar os documentos integrantes do mesmo. Que maiores dos requisitos que esixe a lei para os contratos menores pediuse a declaración xurada e un aval do 5%. E solicítalle a Manuel Ares que aclare a parte correspondente á tramitación da subvención.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el non sabe quen ten que contestar, pero que entende que ao estar nun pleno ten que ser o órgano de goberno. E que logo se poden apoiar nos técnicos para que quede mellor aclarado. Pero que o que é totalmente anómalo é que o proxecto se aprobe despois de estar feita e pagada a obra, que é totalmente anómalo que non se faga a apertura de centro de traballo e que é totalmente anómalo que non estea a circunstancia do rexistro de empresas acreditadas, que é totalmente anómalo que non exista unha certificación ou escrito, que isto raia a falsidade documental, pois mostrando un escrito do expediente sinala que no seu encabezamento se recolle o nome de Jesús Veiga Sabín e que a sinatura non é de Jesús Veiga Sabín senón que cre que é a sinatura do alcalde.

O Sr. alcalde expón que isto llo sinalou el a quen lle subiu o documento para asinar e que se lle dixo que tiña que ir así, porque se estaba tramitando así.

A Sra. secretaria quere aclarar que cando tramitan contratos de obra non sempre cómpre un proxecto, ás veces chega cunha memoria técnica.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o requisito do INEGA esixe un proxecto técnico.

A Sra. secretaria explica que ela non o sabía porque no informe non se recolle que cumprira ningún proxecto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que el non está dicindo que sexa responsabilidade da secretaria, que non sabe de quen é a responsabilidade, pero que aquí se trae ao pleno a aprobación dun proxecto e que o seu expediente adoece de

varias anormalidades. Que el só pon en coñecemento dos membros do pleno para que saiban o que van votar.

O Sr. alcalde expón que o proxecto debería de terse aprobado antes de adxudicar as obras, non antes de iniciar a execución das obras. E que hai vinculados a esta empresa tres expedientes, o dos carteis, da iluminación led que se vai substituír en Leiro e o dos paneis solares do club náutico, que os paralizaron xustamente por non estar aprobados os proxectos. Só no caso dos paneis informativos non ten que aprobarse no pleno. Continúa dicindo que á vista do problema que detectou nos paneis informativos decidiu parar os que era posible parar, que son os da iluminación led que se vai substituír en Leiro e o dos paneis solares do club náutico, e que se van tratar agora na comisión informativa que segue ao pleno. E que este proxecto foi xa imposible paralizalo porque cando el chegou á Alcaldía o proxecto xa estaba en marcha con todo o equipamento que se ía instalar e as máquinas no centro social para instalar a caldeira. Tivo conversas coa xerente de Interneq, e que lle dixo que estaba adxudicado de palabra.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se estaba adxudicado e pregunta se o adxudicou o alcalde.

O Sr. alcalde responde que el non o adxudicou, que xa viña de atrás. Que estaba de palabra adxudicado e que se paralizou porque o orzamento desta empresa era de 26.000 euros e que tiñan outros dous orzamentos de 12.000 euros que se pediran por fóra; por iso decidiron paralizar os outros dous expedientes e comezar a revisar as cuestións dos prezos, sobre todo despois da comisión informativa que tiveron o outro día. En canto á tramitación do expediente que se trae a este pleno, que está totalmente de acordo co que dixo o Sr. Faraldo, e que o tema é que se non ten que ser aprobado pois que non se aprobe, perderase a subvención e o concello terá que asumir o custe da obra executada, e que unha vez executada a obriga é pagala.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta se nos deron a subvención.

O Sr. alcalde responde que nos deron a subvención por 22.000 euros, pero que segue sendo diñeiro público.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que un destes proxectos era con outros concellos. E pregunta con cales

O Sr. alcalde responde que si, o da iluminación led. Con Cabanas, Pontedeume...

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta a quen lle toca adxudicar isto.

O Sr. alcalde responde que cada concello adxudica a súa obra.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín pregunta cal é o importe da subvención.

O Sr. alcalde responde que 33.000 euros. E que a empresa Interneq di que ten mercada, aínda sen adxudicar, todo o material a instalar en Leiro.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que lle viñeron vender a moto ao alcalde.

O Sr. alcalde responde que a el non lle vén vender ninguén a moto. E que só está informando ao pleno dos expedientes que ten esta empresa.

A Sra. secretaria solicítalle ao enxeñeiro técnico municipal, Juan Cheda, que conteste ás preguntas do Sr. Faraldo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que a cuestión máis rara e máis anómala é que o proxecto se aprobe despois de adxudicada, feita e pagada a obra. O proxecto inclúe unha páxina que pon orzamento asinado o 29/09/2015. O normal é que o proxecto estivera en poder do concello dende hai moito máis tempo, para que os técnicos poidan verificar que realmente se executa en base a ese proxecto. Segundo, que non se sabe se se fixo a apertura do centro de traballo e se se esixiu o certificado do REA, Rexistro de Empresas Acreditadas.

O enxeñeiro técnico municipal, Juan Cheda, expón que as dúas últimas preguntas as descoñece porque entende que é competencia do director de obra.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que isto o require a inspección de traballo.

O enxeñeiro técnico municipal, Juan Cheda, expón que se lle pode requirir ao director de obra que informe se se fixo a apertura do centro de traballo. E que con respecto ao tema das datas do proxecto técnico, o motivo de que se solicitara proxecto despois da adxudicar a obra é porque xurdiu este requirimento na subvención. E que o motivo

polo que a data do orzamento é posterior é porque se detectou un erro no orzamento e posteriormente enviouse un orzamento corrixido. E que na oficina técnica están os dous documentos en formato dixital.

A Sra. secretaria pregunta polo tema do certificado do REA.

O enxeñeiro técnico municipal, Juan Cheda, responde que no boletín de instalación xa figura o selo de industria.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o enxeñeiro técnico industrial non pode ter relación coa empresa que contrata ou á que o concello adxudica, porque se non estase dando unha vantaxe que outras empresas non terían, e estaríase vulnerando as normas de contratación.

A Sra. secretaria explica que a contratación é por contrato menor e que despois de ter tres orzamentos, dos que descoñece que criterio seguiron para pedilos, poden adxudicalo a calquera. Que outra cousa sería que se sacaran a licitación. E que descoñece que relación pode ter o enxeñeiro coa empresa adxudicataria.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que fixo unha pregunta ao comezo, que pensa que non se dá explicado. Pregunta quen lle pagou a este enxeñeiro técnico proxectista, José Manuel Rey Gómez. Se lle pagou a empresa ou o concello, que sería un tema clave. E segundo, que o enxeñeiro que fai este proxecto non pode ter relación laboral coa empresa adxudicataria, sexa cal sexa o tipo de contratación.

A Sra. secretaria expón que todo o mundo ten dereito a equivocarse e que se tiña que ter pedido o proxecto e aprobado antes, pero que é un erro corrixible, porque incluso industria permite corrixilo.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que o proxecto non sabe cando se fixo, pero que se presentou agora no concello.

O Sr. alcalde responde que o proxecto está feito en febreiro do 2015.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo continúa dicindo que non sabe cando se fixo, pero que aquí se fixo unha obra e se pagou sen verificar se a obra cumpría co que tiña que cumprir. E outra cuestión que lle chama a atención é que non existe un estudo do período de retorno; que evidentemente se o que se pretende é un aforro enerxético por cambiar un combustible por outro, o lóxico é que houbera un estudo de retorno e que se vira en que prazo se amortiza esta nova instalación para xustificar a eficiencia enerxética. Con respecto á xustificación da eficiencia enerxética, curiosamente e tamén lle estraña, que na factura que facilita a empresa, que foi a pagada, pon tanden 2 caldeiras de pellet marca ocofen potencia 21-64 kw. E que supón que se verificaría que a potencia é de 64, que é o que se require; polo tanto, ten que haber 128 quilovatios; que supón que iso se verificaría.

O Sr. alcalde responde que si o verificou o enxeñeiro municipal.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que pensa que é un erro, que na solicitude de pago que se fai ao INEGA con saída o 29 de agosto que encabeza o voceiro do PP, e anterior alcalde Jesús Veiga Sabín, e non obstante a sinatura é o alcalde actual, que isto lle parece que non é adecuado. E segundo documento, o importe que se sinala é un importe de 45.180 sen iva, e 45.180 con iva; isto si que cre que é unha errata; que só o di por se o INEGA pon trabas e poida ser causa da perda da subvención. Que cre que hai suficientes temas para aclarar e polo tanto cre que se debería pospoñer este punto de aprobación hoxe e que se revisasen con detalle estes aspectos ou se queren aprobalo que se vota.

Polo PP o Sr. Jesús Veiga Sabín expón que habería que chamar ao INEGA para saber se dan unha prórroga para presentar o acordo porque se non dan a prórroga perderíase a subvención.

O Sr. alcalde expón que el non ten ningún problema en que se pospoña.

O funcionario municipal, Manuel Ares expón que el non tiña nada que dicir a este pleno porque é un traballador municipal, pero posto que o nomearon non vaia ser que tanto os concelleiros como as persoas que están no público pensen que el ten algo que ocultar polo que quere expoñer a súa situación. Que el tramita todos os expedientes de subvencións do concello, pero só a parte administrativa, non é arquitecto nin enxeñeiro nin técnico de deportes e polo tanto el as memorias técnicas non as fai porque non sabe; neste expediente a súa parte foi detectar unha subvención

do INEGA, comunicárllelo á alcaldía e ao concelleiro responsable, comunicarlle a documentación que había que ter para tramitala, que eran tres orzamentos e unha memoria, mandouse ao INEGA con certificado dixital do que era o alcalde nese momento ou da concelleira delegada. Pensa que non houbo ningún requirimento do INEGA con respecto á documentación enviada e vén a subvención concedida; nese momento el avisa ao alcalde e ao departamento correspondente de que hai esta subvención por este diñeiro, a partir de aquí hai un expediente de contratación e a partir de aquí el non ten nada que ver, chegado o momento de xustificar a subvención tramitouse esta enviando toda a documentación e é neste momento cando chega o requirimento do INEGA indicando que había que aprobar o proxecto. Este proxecto non se pedía na solicitude, pedíano na xustificación. Como cada organismo, consellería, deputación, etc. pide cousas distintas, cando se solicitou a subvención non se aprobou o proxecto porque non o pedían. E déronse conta que tiñan que ter aprobado o proxecto cando o requiriu o INEGA. Chamouse ao INEGA e pola lei de procedemento administrativo si se podía aprobar agora o proxecto.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo agradécelle a intervención de Manuel Ares, posto que a súa intervención é o de tramitar as subvencións. E que o INEGA solicita que se aprobe o proxecto, que agora é un trámite para que nos paguen a subvención; pero que o trámite normal, cre, que é aprobar o proxecto antes, como por exemplo ao facer unha casa. E que no concello o trámite pensa que non foi o axeitado porque primeiro é ter o proxecto e logo executalo e cando se executa se recepciona a obra e logo se paga, e que nese intervalo de tempo os técnicos municipais terán que comprobar que a obra se executa como se ten que executar, porque incluso cre que se ocupou un espazo que non se tiña que ter ocupado.

O Sr. alcalde explica que se ocupou un vestiario.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo conclúe que o proceso adoeceu dun control por parte do servizo municipal. E a tramitación tería que velarse de que se faga desa maneira, neste caso corresponderíalle ao órgano político de velar de que os trámites se cumpran, e se non se cumpren a responsabilidade é do órgano político.

O Sr. alcalde expón que en relación ao que dixo o Sr. Faraldo con respecto do órgano político ten que dicir que este expediente estaba absolutamente pechado cando el se fixo cargo da Alcaldía. E que todo o que chegou a ver con respecto ao proxecto técnico, que nin recolle planos de onde se instala a caldeira, e que hai que dicir que se instalou a moxega para subministrar os pellets á caldeira anulando por completo un dos vestiarios do pequeno teatro municipal. Cando el viu estas cuestións, que as comentou coa secretaria e cos técnicos e que lle chamou poderosamente a atención de que ninguén interviñera antes de que aquilo estivese así colocado, de feito a alimentación que vai dende a moxega á caldeira fíxose a través duns tubos que van pola fachada do edificio e que cando se reciben as obras reclamóuselle á empresa de que aquilo non pode quedar así. Estas obras executáronse con moitísima urxencia, porque el non lembra a data pero tiñan que certificarse urxentemente. E cando se querían recepcionar as obras non se fixera unha proba do funcionamento da caldeira. E que a data que lle dixeran que era tope para recibir e certificar as obras non era a correcta, senón dez días despois e púidose facer a proba do funcionamento das instalacións. E que el fixo o que puido dado o avance das obras cando el asumiu a alcaldía, e que tentou salvar a subvención sabendo que é unha instalación que é boa en termos de aforro enerxético e de substituír unha caldeira que estaba esgotada, que se trasladou ao centro de día para instalar alí provisionalmente. E insiste en que tentou salvar a subvención para que non repercutira o custe das obras integramente no concello.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que con respecto á responsabilidade e á tramitación que supón que no expediente estará meridianamente claro a responsabilidade de cada cousa, que supón que o técnico correspondente saberá se fixo o que tiña que facer. E que a secretaria di que puido existir un erro, pero que é un cúmulo de erros e ao final é demasiada coincidencia, porque non existe nin sequera o período de retorno simple, que é algo que se pode facer, aínda que ninguén cho esixa, para saber canto se vai aforrar e que é algo normal porque se instalas algo quererás

saber canto é o aforro. E que non hai constancia no expediente de canto é o aforro, que é algo lóxico. Solicitouse unha subvención de 33.000 cun orzamento de 46.500 euros, que está ben recibir a subvención se se fixo con intención de facer unha mellora; pero hai que mirar se se ten toda a documentación que o INEGA esixe para recibir a subvención.

O Sr. alcalde expón que o INEGA xa deu esa subvención.

Polo PSOE o Sr. Manuel Vázquez Faraldo expón que pode esixir que se devolva, que non sería o primeiro caso.

Seguidamente, procédese na sesión plenaria á votación ordinaria da proposta de acordo co seguinte resultado: 4 votos a favor do PP e 6 abstencións do Grupo mixto e do PSOE (sendo trece o número legal de membros da Corporación), polo que o Pleno municipal acorda por maioría simple dos concelleiros:

1º.- Aprobar o proxecto de instalación dun novo sistema de calefacción alimentado por pellets no Local Social de Miño, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Juan Manuel Rey Gómez, nos termos sinalados no artigo 198.5 da LOUGA, toda vez que o proxecto cumpre co PXOM, coa lexislación urbanística e de protección do medio rural.

Non habendo outros asuntos que tratar, o Sr. alcalde dá por finalizada a sesión, ás 10:30 horas, de todo o cal como a secretaria dou fe.

O alcalde – presidente
Ricardo A.M. Sánchez Oroza

A secretaria municipal
Alejandra Rodríguez Menéndez